

ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO) SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BERTAMIRÁNS. PAS COMPLEMENTARIO 2015.

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas e trinta minutos do día tres de maio de dous mil dezaioito réunese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto para o subministro e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns.

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Manuel Miñones Conde, alcalde da Corporación.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 28 de febreiro de 2018, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que a proposición presentada polas empresa ZONA DE OBRA O ROSAL SLU, que ofertou unha baixa do 19,10 % estaba incurso en situación de baixa temeraria.


A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

ACORDOU:

1º.- Dirixir escrito vía fax á ZONA DE OBRA O ROSAL SLU concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada pola empresa requirida a documentación xustificativa da baixa remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Con data 5 de marzo de 2018 remitiuse escrito de requirimento á empresa que segundo o programa de



Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)



concello@ames.concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925



cálculo da Deputación Provincial entraba en oferta desproporcionada. Transcorrido o tempo concedido para a xustificación a empresa requirida presentou documentación no rexistro xeral do Concello. Debido ó anteriormente exposto douselle traslado ós servizos técnicos do Concello da documentación presentada, por Zona de Obra O Rosal SLU, para xustificar a súa oferta económica.

A arquitecta técnica municipal, María Gamundi Fernández, emitiu informe, con data 5 de abril de 2018, que transcrito literalmente dí:

INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR UNHA EMPRESA RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN NOVO PAVIMENTO DEPORTIVO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BERTAMIRÁNS

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 67.628,94 €. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 61.498,48 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 60.818,83 €. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 56.762,21 €, que representa un 16,07% de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópanse no suposto referido no parágrafo anterior:

ZONA DE OBRA O ROSAL SLU: 54.711,81 € [19,10% baixa]

Esta empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

O licitador xustifica a súa oferta no prezo que acada no subministro e instalación do pavimento deportivo, a partida que consume a maior parte do orzamento. A empresa ten ofertado un importe de 54.711,81€, IVE non incluído, o que supón un PEM de 45.976,31€, e que supón unha diferenza de 6.016,57€ en relación co PEM do proxecto (51.992,88€). Tendo en conta que o prezo ofertado por SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS SLU é de 35,45€/m², é sensible inferior ao prezo de proxecto (44,54€/m²), compensa a baixa ofertada.

Avaliación da documentación achegada:

A documentación achegada centra a súa xustificación na obtención dun prezo moi vantaxoso no subministro do pavimento deportivo.


Sorprende, de principio, que a oferta presentada por SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS, SLU teña data de 05.03.2018, moi posterior ao remate do prazo de presentación da oferta do licitador, e xusto despois de que esta fose requirida para xustificar aquela. Non parece, xa que logo, que a oferta fora tida en conta na elaboración da oferta, senón mais ben para xustificar a baixa presentada.

Se comparamos detidamente as solucións técnicas dadas ao pavimento no proxecto e na oferta da empresa licitadora, comprobamos que, aínda que nunha primeira aproximación puideran parecer semellantes, teñen varias diferencias, algunhas das cales son relevantes e poderían ter consecuencia no orzamento:

- O pavimento superior que contempla o proxecto é de faia, mentres que o descrito na oferta de SUMINISTROS TÉCNICOS DEPORTIVOS SLU é de carballo.

- A lámina prevista impermeabilizante de proxecto é de polietileno, mentres que a da empresa licitadora non se indica.

- No proxecto, o paquete final de madeira está constituído por táboas incrustadas mediante xuntas macho-



femia , fixadas á capa soporte utilizando a técnica de fixación de “cravo oculto”, sistema que no aparece na solución presentada polo licitador.

- A oferta do subministrador non inclúe (ou non especifica) a p.p. de rodapé de faia en todo o seu perímetro, así como as transicións con outros pavimentos de borde con chapa perforada galvanizada en quente, segundo detalles dos planos.

Ademais das diferenzas observadas, na documentación presentada non se acreditan algunhas das características e homologacións ás que se fai referencia na descrición da partida do proxecto.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, **considérase que non a xustifica de xeito adecuado, polo que se informa desfavorablemente”.**

Á vista do resultado do informe, emitido por María Gamundi Fernández, procede a exclusión, da empresa Zona de Obra O Rosal SLU por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

A continuación procédese a valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente ós criterios avaliados mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

Tipo de licitación sen IVE: 67.628,94 €.

	Empresa	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS
2	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS SL	64.247,00	12,31
3	VIA GLOBAL FLOORING SL	63.250,00	15,64
4	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL	56.900,00	33,70
5	CYS HISPANIA SL	60.866,05	23,18
6	CONSTRUCCIONES M. ESPÍÑO SL	65.261,92	8,91
7	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS SL	60.495,00	24,16
8	MONDO IBÉRICA SA	66.256,07	5,59

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

	Empresa	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS
4	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL	56.900,00	33,70
7	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS SL	60.495,00	24,16
5	CYS HISPANIA SL	60.866,05	23,18
3	VIA GLOBAL FLOORING SL	63.250,00	15,64
2	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS SL	64.247,00	12,31

6	CONSTRUCCIONES M. ESPÍÑO SL	65.261,92	8,91
8	MONDO IBÉRICA SA	66.256,07	5,59

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

1º.- Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento da empresa ZONA DE OBRA O ROSAL SL por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adjudicación da realización do subministro e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns á empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL** con CIF B-36495604 no prezo de cincuenta e seis mil novecentos euros (**56.900,00.- €**), máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de once mil novecentos corenta e nove euros (**11.949,00.- €**), así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adjudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as once horas e cincuenta e oito minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.